

N. Expediente: 220/2026
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Documento: Resolución de Alcaldía
Asunto: APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN TEMPORAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2026_LIÑA 3:
ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026

DECRETO

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026, de concesión de subvención ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2026_LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (BOPPO nº 1 do venres 2 de xaneiro de 2026) no que será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de sete persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son:

Ocupación	Código de ocupación	Nº de postos	Duración
Fontaneiro/a	72211012	1	8 meses
Peón obras públicas	96011029	2	8 meses
Electricista	75101033	1	8 meses
Albanel	71211015	1	8 meses
Pintor/a	72311035	1	8 meses
Peón forestal	95431028	1	8 meses

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

